


Na Galiza somos mais do 50% das granxas leiteiras do Estado español que a súa vez producimos aproximadamente o 40% do leite, en consecuencia **somos a primeira potencia produtora de leite do todo o Estado**. Isto debería implicar que o política leiteira española tería de ser definida aquí e non delegada a Madrid.

Mais o sector lácteo galego esmorece nunha crise que ameaza con deixar, non só ao rural, senón ao conxunto da sociedade galega sen un dos seus motores económicos. O prezo do leite continua a caer en picado porén os custes de produción continúan a subir nun ascenso que parece non ter fin.

Así, se en Agosto de 2011 cobramos o leite a 30 céntimos, hoxe, en Agosto

de 2012, estámolo a cobrar a 27 céntimos, pola contra se fai un ano o quilo de concentrado custaba 33 céntimos, agora encóntrase a uns 39 céntimos. É dicir, neste último ano, o prezo do leite baixou un 10% e o quilo de concentrado subiu un 18%, de media. Estas son as contas do goberno do PP para o noso sector.



Para a Federación Rural Galega – FRUGA o futuro do sector pasa por:

- Constituír un ámbito galego de negociación para o noso leite, ou o que é o mesmo, a creación da Interprofesional Láctea Galega na que estexan implicados todos os sectores (produción, industria transformadora, comercialización e administración).
- Impulso dun sistema de fixación de prezos que cubra os custes de produción e que resolva o problema da falta de transparencia, para o que fai falta que cumpra a súa función o xa creado Observatorio Lácteo Galego, a implantación real e efectiva do Contrato Homologado e a constitución da pertinente Comisión de Seguimento dos Contratos coa presenza de todas as partes implicadas.
- Posta en práctica de medidas que favorezan a mobilización do recurso terra co fin de facilitar o correcto aproveitamento da superficie forraxeira e da terra abandonada para tornar ás nosas granxas menos dependentes da compra de alimentos de fora.
- Intervención das Administracións para evitar o uso do leite como produto chamada.
- Impulso e constitución dun Grupo Lácteo Galego.

FRUGA alégrase de que a maioría das nosas propostas sexan hoxe asumidas polas outras organizacións agrarias. Medidas que xa foran postas en práctica na anterior lexislatura e que foron deitadas abaixo polo actual goberno do PP.